# Efecto Mariposa e La Fuga animan as festas de Ribeira

## O gran combate naval pecha os festexos o domingo 4 de agosto



Concerto de Efecto Mariposa. // ECG

**B. C.** [RIBEIRA]

Nas festas de Ribeira, desde hoxe 31 de xullo e ata o 4 de agosto, non faltará a música. Haberá concertos, verbenas e tamén o Urban Fest. O prato forte son as actuacións de Efecto Mariposa e La Fuga.

O auténtico verán comeza en Ribeira este mércores coas dianas e alboradas ás 11.00 horas. Na praza Porta do Sol haberá, unha hora máis tarde, o espectáculo infantil e familiar *Atemporal* do Mago Charlangas. Ás 22.00 horas está prevista a lectura do pregón, con chupinazo e un pequeno espectáculo pirotécnico. A orquestra Los Satélites amenizará a verbena.

O xoves 1 de agosto tamén haberá festa para os pequenos da casa co espectáculo de monicreques de Cachirulo. Na hora da comida será o concerto de Maricarmen e, pola noite, será a quenda da París de Noia na explanada da Lonxa vella. O 2 de agosto, desde pola mañá, haberá inchables e o mercadillo solidario A Creba. A sesión vermú contará coa música de Sones Negro y Alfredo Tejada. Ás 22.30 horas comezarán os concertos de Efecto Mariposa e La Fuga. A verbena será coa orquestra Kubo.

Marcos Teira actuará o sábado 3 de agosto ás 13.30 horas. Pola tarde haberá misa na honra da Virxe do Carme cantada pola Coral Polifónica do Círculo Mercantil, seguida de procesión marítima acompañada pola Banda de Música Eduardo Pondal de Ponteceso. De noite, a orquestra Los Players animará a verbena no Malecón, mentres que na praza de España será o Ribeira Urban Fest. Ás 00.00 horas, Pedrá dará un concerto tributo a Extremoduro na Praza de Pontevedra.

> LOS SATÉLITES, PARÍS DE NOIA, KUBO, LOS PLAYERS E PLATINUM , PROTAGONISTAS DAS VERBENAS

O domingo remata a festa coa sardiñada amenizada por Amores de Barra. De noite continúa o Ribeira Urban Fest e tamén actúa a orquestra Platinum. Como colofón: o gran combate naval con espectacular queima de fogos de artificio.

Juan Pego
Materiales de construcción
Mármoles y granitos
Avenida da Coruña, 83
981 873 112
www.juanpego.es
C/ Sirves, 178 - Olveira
981 835 906

federópticos
Filgueira Martínez
Rúa de Galicia, 40 local 6
Santa Eugenia de Riveira
A Coruña
T. 981 87 27 52
634 43 95 89
wwww.federopticos.com
Nerea Filgueira Martínez
Óptico - Optometrista
filgueiramartinez@federopticos.com
Nº Colegiado 24.595

NAUTICA - EFECTOS NAVALES
A Poutada
www.apoutada.com
Náutica y embarcaciones deportivas / Deportes
Paseo das Carolinas 10 - Ribeira • Tel.: 981.83.56.62
Taller embarcaciones
Puerto comercial s/n - Puebla. Tel.: 981.83.12.11

MILAR SAMPEDRO
ELECTRODOMÉSTICOS



• Pequeño y gran electrodoméstico
• Informática y telefonía
• Instalación de antenas (Instalador Autorizado 3115)
• Servicio técnico propio
• Consolas y videojuegos
981 872 254
C/ Santa Uxía, 5 • 15960 Ribeira (A Coruña) • www.e-sampedro.com



ELECTRO NAVAL PERFECTO, S.L.
• Reparaciones e instalaciones eléctricas navales e industriales
• Cuadros eléctricos de automatismos arrancadores, distribución...
• Autómatas programables y pantallas táctiles
• Alumbrado industrial y naval LED
Puerto Pesquero, Zona B, Nave 18 | Santa Eugenia de Riveira | 15960 A Coruña • T. 981 87 13 92 • www.enpsl.com • info@enpsl.com